

## Rosalía, poeta metafísico

**Andrés Torres Queiruga**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

TORRES QUEIRUGA, ANDRÉS (2012 [1986]). “Rosalía, poeta metafísico”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 191-196. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2188>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

TORRES QUEIRUGA, ANDRÉS (1986). “Rosalía, poeta metafísico”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 191-196.

\* Edición dispoñíbel desde o 17 de xullo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## ROSALÍA, POETA METAFÍSICO

ANDRÉS TORRES QUEIRUGA  
Consello da Cultura Galega

### I. A universalidade de Rosalía

“En certo senso, podemos dicir que en cada época vive toda a plenitude da poesía” (1). Esta afirmación de Dilthey, nun traballo famoso, que intenta traza-la traectoria da literatura na época moderna, ten tamén un alcance individual: en todo auténtico poeta vive a plenitude da poesía. Rosalía de Castro, acaso pola súa situación relativamente marxinal, constitúe unha demostración exemplar.

Pero a mesma marxinalidade pode facer de pantalla que impida captar esa evidencia. Impedimento físico, en primeiro lugar. Escribindo nun cornecho xeograficamente afastado e idiomáticamente minoritario, a figura de Rosalía tivo que conquistar lenta e duramente un posto ó sol da atención literaria. O relato dos esquecementos eruditos e dos desprecios corriís está xa feito, e non hai por qué renovar aquí a súa mesquiña tristura. Afortunadamente eso xa pasou. Hoxe non resulta posible escribir unha historia da literatura peninsular sen lle recoñeco-lo seu posto claro, alto e indiscutible. Por outro lado, este Congreso está demostrando que moi axiña será imparabile a súa ascensión na literatura universal.

Aquí é onde aparece un segundo impedimento, non xa físico, senón, digamos, *espiritual*. ¿Pode esta figura esquécida e afastada soporta-lo peso dunha verdadeira e profunda universalidade? Abonda pensar nas rutinas históricas e na forza increíble dos apadriñamentos, para se decatarse de que o recoñecemento pleno de Rosalía non vai ser moi doado. Os ollos do crítico precisan aínda por un tempo a orixinalidade non embazada pola moda e a xenerosidade que non busca o aplauso da publicidade reinante, para deixar que o mundo poético de Rosalía se despreague en toda a súa profunda plenitude.

Nunha consideración obxectiva, eso non é difícil; e mesmo é previsible que vai resultar cada vez máis fácil. Voltando á frase de Dilthey e ó trasfondo do seu traballo, a figura de Rosalía adiantárase cun releve inesperado. Case parece construída adrede para visualizalas grandes etapas nas que se vai constituíndo a materia poética. Os *Cantares Gallegos* representan moi ben esa etapa da “fantasía vinculada”: etapa na que a creación “se ve encadrada dentro dunha comunidade espiritual que inspira as palabras, os pensamentos, os actos e a poesía do individuo” (2).

(1) W. Dilthey, *Vida y Poesía*, F.C.E., México, 1978<sup>1</sup>, p. 17.

(2) *Ibid.*

A segunda etapa, a da “fantasía liberada”, entregada sen límite ó “ritmo e a melodía da vida” (3), está admirablemente representada na súa produción novelística, chea de riqueza e dramatismo. Traspasa tamén, como é lóxico gran parte da súa poesía; desde a primeira, máis convencional, á última, onde o dramatismo social e a intensa vida persoal se entrelazan cun vigor e unha profundidade que causan asombro á mesma autora, arrastrada pola forza da propia creación. O prólogo de *Follas Novas* constitúe, tamén neste, un testemuño insuperable.

A terceira etapa é a aberta pola Ilustración, co emerxer da razón autónoma, consciente do seu horizonte infinito e da súa responsabilidade universalmente humana. Nela “ábrense paso a cada instante as emocións universais que emanan da relación do home coa vida e co mundo” (4). Ela marca tamén a culminación da obra rosaliana. É xustamente a que aquí intentamos sinalar.

## 2. O significado de “metafísico”

Eso, en efecto, pretende indica-lo título. Poeta *metafísico* éo Rosalía, non porque se adique a facer filosofía ou trate de elaborar un sistema metafísico. “Metafísico”, aplicado a ela, remite a algo máis espontáneo e vital, se ben non menos profundo nin de menor transcendencia. Reférese ó seu *modo* de facer poesía e ó *nivel* onde afina a súa experiencia.

Quen téndose asomado algunha vez ás simas da experiencia metafísica, se acheque cun mínimo de aberta sensibilidade á obra de Rosalía, non poderá menos de sentir-la presenza do profundo e a chamada do trascendente. Ó lado de poemas que se recrean no concreto —as maravillosas enumeracións da natureza, os vivos retratos de costumes, as fondas sensacións da paisaxe, o encanto do recordo...—, cada vez máis van aparecendo aqueles dos que a forza reside xustamente en transcendelo. Poemas nos que as cousas, os sentimentos ou as anécdotas non descansan xa en si mesmos, senón que apuntan a misterios máis fondos; no límite, ó misterio que somos e nos envolve.

Esa é xustamente a característica do poeta metafísico: “Hai coma dúas grandes categorías de poetas: os que describen o rostro sensible, concreto e limitado das realidades terrestres (poetas naturalistas) e os que intentan expresa-lo que, a través dos límites do mundo, se albisca (poetas meta-físicos)” (5). ¿Non está o mellor de Rosalía nesa zona fronteiriza? ¿É non o está cunha pureza, unha inmediatez e unha intensidade asombrosas? Por algo a pregunta e o asombro, a intuición fulgurante, algunhas veces, e o borrar-se de toda seguridade inmediata, as máis, se van convertendo na sustancia constante da súa obra madura.

(3) *Op. cit.*, p. 18.

(4) *Op. cit.*, p. 23.

(5) A. Blanch. *La transcendencia lírica*, Narcea, Madrid, 1981, p. 5.

A *saudade*, como busca máis aló de todo o finito, e o misterio da *dor* e o sufrimento, como ameaza radical da existencia, son os dous eixos máis fortes e recoñecidos. Ó seu lado, en cambiante harmonía/desharmonía, outros temas van abrindo un espazo de ultimidades. No mundo interpersonal, a falta de comunión e a inxusticia humanas, os encontros e desencontros do amor, os límites insuperables da comunicación... No mundo íntimo e persoal, o misterio da desproporción humana, profundamente explorada en diversas direccións: contradición antropolóxica ("este barro mortal que envolve o corpo..."), infinito da aspiración ("tan só unha sede, unha sede..."), incapacidade da expresión total ("palabras e palabras e palabras..."), dialéctica da dita e da dor, soedade incurable, culpabilidade radical... Na relación co Sagrado, pregunta abisal e rebeldía que non se aplaca con medo nin con tópicos, intuición positiva na experiencia hierofánica do templo e na irradiación da beleza, saída posible de tipo existencial polo misterio da cruz...

Non se trata, como é lóxico, de facer aquí a enumeración completa, senón de apuntar a un ámbito indubidable e insinua-la súa profundidade. Desde esta perspectiva —só isto importa— non cabe xa negar que Rosalía abre coa súa poesía un mundo peculiar, onde a superficie se quebra cara ó profundo e onde a aparencia se desenmascara cara á busca das ultimidades. O lector é arrastrado, por unha voz inconfundible e poderosa, a aquel asombro e admiración onde nace e se alimenta toda auténtica filosofía.

### 3. ¿Provincianismo?

Pero se isto é así, ¿cómo é posible que alguén negue expresamente a esta poesía o seu carácter filosófico ou metafísico? A pregunta reveste gravidade, porque nalgún caso concreto non nace do descoñecemento nin do desinterés. Curiosamente, unha das negacións máis claras e formais vén de dous intérpretes cordiais, que, por enriba, contan entre os primeiros que abriron ó mundo a poesía de Rosalía. Sen se citaren, e con seguridade sen se coñeceren, D. Briesemeister e C.H. Poullain lánzannos ós galegos unha advertencia extrañamente coincidente: coidado con intentar "clasifica-la obra de Rosalía entre a 'poesía metafísica'" (Briesemeister) ou con falar ó seu propósito dunha "actitude filosófica" (Poullain); eso sería "ceño excesivo por sacar a Rosalía da depresión provinciana e glorificala sen necesidade" (Briesemeister); polo demais, "este non parece o método máis apropiado para lograr tal resultado" (Poullain) (6).

A coincidencia non é, con todo, completamente casual. Ambos reaccionan contra o primeiro intento que se fixera en Galicia para elevar a Rosalía dunha simple consideración folclórica á universalidade filosófica, na obra colectiva *7 ensayos sobre*

(6) Os lugares aludidos son, respectivamente, D. Briesemeister, *Die Dichtung der Rosalía de Castro*, München, 1959, p. 104; e C.H. Poullain, *Rosalía de Castro y su obra*, Editora Nacional, Madrid, 1974, pp. 154-155.

*Rosalía*, 1952. Acaso un inevitable sentimento de desproporción cultural, consideráda-las cousas desde Alemania e Francia, e seguramente unha non clarificada posición do tema —ninguén pretende facer de Rosalía unha “filósofa metafísica” (7)— foron a causa do equívoco. É posible que axudase tamén un certo estreitamento na consideración: en Briesemeister, a visión adialéctica da pregunta rosaliana, totalmente interpretada como resolta cara ó lado negativo, nun voluntarismo paradóxico: Rosalía “non se quere entregar” (8); en Poullain, por unha devaluación da trascendencia ontolóxica do sentimento, reducido a unha reacción primaria, momentánea, sen coherencia profunda (9).

Non se trata agora de instaurar, ou prolongar, unha polémica. Con toda probabilidade, os ilustres autores evolucionaron sobre as propias obras de mocidade. Ademais, a evolución da hermenéutica actual, que, curiosamente, do alemán H.G. Gadamer ó francés P. Ricoeur acentuou cada vez máis a superación do romanticismo subxectivo para se concentrar na obxectividade do “mundo” aberto pola obra, aclarou notablemente o campo (10). Non está primordialmente en xogo o que na súa conciencia viviu e quixo dicir Rosalía, aínda que non se exclúa; trátase das *potencialidades obxectivas* que emerxen da súa poesía, máis alá dos condicionamentos da psique e da circunstancia rosaliana. Interesa o que o mundo simbólico descuberto por ela nos “dá qué pesar” a nós. Pregúntase, pois, ante todo pola radicalidade dese mundo e polo calado trascendente da súa apertura.

Difícilmente se poderá estar hoxe en desacordo co calificativo de metafísico que, con crecente espontaneidade, evoca en case todo aquel que o coñece, o mundo poético de Rosalía.

#### 4. O específico de Rosalía

Así e todo, non convén despachar demasiado á preña a dificultade. Hai aínda un último significado que ela nos debe entregar.

Non cabe negar que, de entrada, Rosalía se nos aparece demasiado apartada, demasiado fóra das grandes correntes do pensamento e da marcha xeral do mundo.

(7) Cfr. a resposta de R. Carballo Calero a Poullain en *Estudios rosalianos. Aspectos da vida e obra de Rosalía de Castro*, Galaxia, Vigo, 1979, pp. 134-135.

(8) Cfr. algunhas observacións ó respecto en A. Torres Queiruga, “Catro perspectivas sobre a actitude relixiosa de Rosalía de Castro”, *Encrucillada* 43 (1985), pp. 222-225.

Neste artigo non fixemos notar algo que resulta evidente: Briesemeister aparece claramente influído por J.L. Varela, *Poesía y restauración cultural de Galicia en el siglo XIX*, Gredos, Madrid, 1959, onde aparece o mesmo —cremos que inxusto, por adialéctico— diagnóstico: “Su situación es la de la acedia” (p. 172); “Rosalía no se entrega nunca” (p. 173; cfr. p. 178); hai nela “soberbia” (p. 173; cfr. pp. 182, 193); “se abstiene” (p. 175); “parece, a veces, pereza; otras, cansancio” (p. 173).

(9) Cfr. igualmente algunhas observacións en A. Torres Queiruga, *l.c.*, pp. 225-227.

(10) Véxase, sobre todo, H.G. Gadamer, *Verdad y Método*, Sígueme, Salamanca, 1977, e P. Ricoeur, *Interpretation Theory*, Texas University Press, 1976.

Cando se a compara cun Novalis ou cun Hölderlin, metidos de cheo no nacemento dunha nova época do pensamento e da historia, en contacto son Schiller e con Goethe, convivindo --o segundo-- con Hegel e con Schelling, non se pode oculta-lo seu carácter marxinal. Carácter ben perceptible, polo demais, na práctica ausencia de referencias culturais, na falta case total de recurso ós grandes símbolos mitolóxicos (11). Coma a súa vida, a súa poesía é íntima e retirada, vive cáseque en exclusiva dos problemas da súa terra e do misterio íntimo da propia sustancia.

Non recoñecelo, sería cegueira. Pero tamén: quedarse sen máis aí, sería superficialidade. Porque esa pequenez constitúe igualmente a súa grandeza. En todo caso, marca a súa inconfundible orixinalidade: a aportación que só ela, unicamente ela, pode facer. Para entender, por contraste, o que esto significa, recorramos unha vez máis a unha observación de Dilthey: "A xeración que seguiu a Goethe desenvolveuse baixo a influencia dunha filosofía abstracta, completamente idealista; nutriuse de poemas; non chegou nunca a unha relación poética directa coa vida. Por eso a forma artística, a doutrina, a idealización, tiñan que adquirir nela, necesariamente, un predominio sobre o real" (12).

Eso é xustamente o que non sucedeu con Rosalía. Non haberá moitos poetas verdadeiramente grandes nos que medie tan mínima distancia entre a poesía e a vida, entre a experiencia e a súa expresión. De aí esa impresión de absoluta sinceridade e de increíble espontaneidade que desprende a súa obra. Algo que, para os que vivímo-lo idioma, se acusa aínda máis na produción galega: nela nin sequera é perceptible o lixeiro artificio retórico nin o minúsculo afán filosofante que cabe percibir no verso castelán. Collede as grandes poesías de *Follas Novas*, e palparéde-lo milagre: experiencias insuperables --verdadeiros puntos de arribada na exploración simbólica do espírito humano-- están expresadas nun vocabulario e nunha forma absolutamente accesibles á cultura máis familiar de calquera lareira campesiña.

Por eso a poesía rosaliana será sempre unha festa para todo pensador auténtico. Non sempre se ten ocasión de atopa-lo máis profundo á limpa e transparente flor de terra. Nin de recibí-los interrogantes últimos e radicais da existencia sen filosofía interposta ou sen teoría elaborada. En terminoloxía heideggeriana, diríamos que a palabra do Ser --algunhas palabras do Ser-- resoa aquí nunha inmediatez de excepción, acollida nunha sensibilidade exquisita e expresada cun mínimo de difracción cultural.

Mal se interpretaría isto, porén, se se vise no dito ou unha inxenuidade hermeneútica ou un rousseauianismo rosaliano. Temas que, por certo, merecerían un amplo desenvolvemento. Contentémonos cunhas insinuacións conclusivas.

A inmediatez aludida non pretende ser absoluta; intenta tan só marcar unha tendencia asintótica. Non existe experiencia que non estea xa sempre interpretada,

---

(11) Confróntense, por ex., as continuas referencias culturais, que en poetas, no fondo tan afíns a ela, como son Hölderlin, Keats e Leopardi, analiza R. Argullol, *El Héroe y el Unico. El espíritu trágico del Romanticismo*, Taurus, Madrid, 1985.

(12) *Op. cit.*, p. 328.

e, polo mesmo, que non inclúa xa a subxectividade e a circunstancia do autor (13). Rosalía —a nena Rosalía, a muller Rosalía, a enferma Rosalía, a galega Rosalía, a novecentista Rosalía...— está mediando entre os seus poemas e a experiencia humana que os orixina. Eles son mesmamente a “marca” da súa identidade, a aportación orixinal do seu xenio. Negalo, pretendendo a transparencia absoluta, sería negala a ela mesma, borra-la súa individualidade. O que esa “inmediatez” insinúa, é a cercanía única da expresión; a sinxela pureza do instrumental empregado, a fresca transparencia do abisal no limpo medio da forma... A grandeza no elemento da humildade.

Co cal queda xa esconxurada toda falsa sombra de Rousseau. Non se está a falar dunha Rosalía inxenua, inconscientemente primitiva. Hai moita máis reflexión na creación rosaliana da que moitos parecen sospeitar. Para unha muller, na Galicia e na España do seu tempo, resulta mesmo excepcional. Abonda le-los “prólogos” a *Follas Novas* —o en prosa e o en verso: prólogo en verso son evidentemente os cinco primeiros poemas— para decatarse. Alí está delimitada unha traxectoria: *Follas e Cantares*, de modo expreso; *En las orillas del Sar*, como consecuencia. Alí hai, humilde pero segura, conciencia do excepcional: no “tollendo ponens” da negación interrogante de ter feito “un libro trascendental”; na asombrada extrañeza ante a obra que debería ser, e que non é, obxectivación tópica —“pombas e frores”— dunha “alma de muller”; na nesidade de repetir coa súa voz individual o común fondo humano, “eternamente o mesmo”; no agromar irrefreable e indómito do impulso creador, que precisa espellar “o fondo sin fondo do meu pensamento”; no decatarse —ela que non se ten “por unha inspirada”— de que a súa palabra deita dun misterio envolvente, “como sai das profundas carballeiras” o rico rumor indiscifrábel; na renovada extrañeza de recoñecer, a pesar de todo, a propia subxectividade na autonomía da obra, que se revela “toxos e silvas”, cando a intención sería un primaveral agromar de “follas novas”...

Poeta metafísico. Agora podémolo dicir tranquilos. Eso é Rosalía. Sobre todo porque non o pretende, e, xustamente por eso, outra voz resoa na súa voz: a voz do profundo, a resoancia do misterio. Por eso a súa obra seguirá decote a alimentalo sentimento e dará sempre que pensar á intelixencia.

---

(13) O. Pöggeler recórdallo nada menos que a Heidegger, a propósito dos seus estudos sobre Hölderlin: ningún é, sen máis, a “voz do Ser” (“Heidegger y Hölderlin”, en *Id. Filosofía y política en Heidegger*, Alfa, Barcelona, 1984, pp. 143-147).